

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e dous minutos do día vinte e oito de febreiro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a María Guadalupe Pombo Carril.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 21 DE FEBREIRO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data vinte e un de febreiro de dous mil vinte e dous, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 21 de febreiro de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 4 de febreiro de 2022, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se dá publicidade da subvención concedida ao abeiro da Resolución do 21 de xaneiro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento

rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o período 2021-2023 (código de procedemento PR608A). DOG núm. 37 do 23-02-2022.

- Resolución do 10 de febreiro de 2022, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TU501D). DOG núm. 37 do 23-02-2022.
- Resolución do 14 de febreiro de 2022, de Augas de Galicia, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). DOG núm. 38 do 24-02-2022.
- Acordo do 12 de xaneiro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación industrial no Concello de Culleredo (ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño). DOG núm. 38 do 24-02-2022.
- Anuncio do 7 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2021/670). DOG núm. 39 do 25-02-2022.
- Anuncio do 14 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2021/485). DOG núm. 40 do 28-02-2022.
- Resolución número 9688, do 21 de febreiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproban as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2022. BOP núm. 38 do 24-02-2022.
- Resolución número 8456/2022, do 16 de febreiro, pola que se aproba a modificación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo en 2022. BOP núm. 39 do 25-02-2022.
- Anuncio do 24 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, relativo ao nomeamento de E.L.L. como vogal suplente da comisión de valoración do proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de traballadora/or social de administración especial, subescala técnica persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición, en substitución de T.M.C. BOP núm. 39 do 25-02-2022.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

Programa de estimulación lectora con cans de terapia para escolares.

- Inicio:

-Data de presentación das sesións lectoras: 17 de febreiro no CEIP Ría do Burgo.

-**Data de presentación das sesións lectoras:** 18 de febreiro no CEIP Isaac Díaz Pardo.

-**Data de presentación das sesións lectoras:** 21 de febreiro no CEIP Vila de Rutis.

-**1º sesión:** 3 e 4 de marzo nos colexios Ría do Burgo e Isaac Díaz Pardo.

Lugar: Bibliotecas escolares.

Participan: 6 escolares de cada centro."

2.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

- Resolución número CUL/RES/489/2022 do 23/02/2022 pola que se require a D.ª M. E. L. R. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado na Praza da Ría, próximo á rotonda, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, ditarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución de data do 24/02/2022 pola que se acorda solicitar a participación deste Concello de Culleredo no Plan de Mellora de Camiños Municipais ao abeiro da resolución do 29 de decembro de 2021 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas, 2022-2023, para a obra de "**ARRANXO DE VIAIS MUNICIPAIS EN FOLGUEIRA (VP-610) E EN RÚA VIXÍA (VP-159). CULLEREDO**" segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica agrícola en data do 24/02/2022, que conta cun orzamento total de cincuenta e tres mil cincocentos cincuenta e tres euros con oitenta e tres céntimos (53.553,83 €) I.V.E. engadido.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 4 DE MARZO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Xarope Tulú: *Rilla, rilla.*

Recomendado maiores 6 anos. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

Entrada gratuíta. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597.

SÁBADO 5 DE MARZO

Actividades de Entroido en Centros Sociais:

Haberá unha actividade de animación e un obradoiro de máscaras no Centro Social de Almeiras.

Desenvolverase en horario de 18.00 a 20.00 h."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Código do documento	Código do expediente
USG16I00WE	USG/2022/34
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6W1H 2P5E 070B 2D55 0HPO	

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H